

Os cativos volven tomar as rúas en Arzúa

Escolares participaron nun proxecto para descubrir o seu hábitat dende a arquitectura e a arte

[N. NOGUEROL] Como recuperar a identidade dunha vila, e como podería ser de novo un lugar de encontro e de intercambio son, entre outras, as cuestións que explican o nacemento de «A Vila do Mañá», un proxecto educativo e de divulgación co que se busca que a infancia, a través do xogo, tome conciencia do entorno no que habita, e estea presente de forma activa na construción dos espazos comúns, outorgándolle, así, un papel protagonista, normalmente reducido a un ámbito de xogo máis controlado como son os patios dos colexios ou os parques infantís. O obxectivo do proxecto, que firma a arquitecta Sandra González, e o seu concreto desenvolvemento en Arzúa detállanse nun libro recentemente editado, logo da participación



A experiencia desenvolveuse a través do xogo en diferentes espazos de referencia do municipio arzuán

dun grupo de cativos da vila na experiencia.

A arte e a arquitectura foron as ferramentas educativas empregadas no deseño das actividades nas

que participaron os pícaros, para os que Arzúa se presentou como o taboleiro do xogo da oca, con espazos significativos e de referencia en cada unha das casas. A

escultura en pedra da queixeira que na céntrica praza de Galicia homenaxea a quen elaboran artesanalmente o produto que identifica ao municipio arzuán, unha

etapa do Camiño de Santiago, o complexo deportivo da piscina municipal, a ermida barroca da Mota, o conxunto histórico que, no tramo urbano da ruta francesa, forman a rúa do Carme e a das Dores, e algúns dos emblemáticos pazos do municipio están representados nese orixinal e inédito xogo da oca, formado, así, por elementos arquitectónicos, urbanísticos, paisaxísticos, artísticos e culturais que configuran a identidade de Arzúa.

Foron os escenarios nos que os cativos que participaron no proxecto desenvolveron actividades estruturadas a través de seis conceptos —a escala, a percepción, o espazo, a vila, a paisaxe e o desenvolvemento sustentable— e catro ferramentas: o punto, a liña o plano, e o elemento tridimensional.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

12 – 14:00 h // ANIMACIÓN DE RÚA
AGRUPACIÓN DONAIRE
 (Polas rúas e prazas da vila)

16:30 – 18:00 h // RÚAS MUSICAIS
DANI RIVEIRO & CHISTIAN CASTRELO
 (Versións galegas) / Avda. Lugo

LOU REYES
 (Blues) / Praza do Peregrino (Oficina de turismo)

DJ FERROMONA
 (Música galega) / Avda. Lugo (cruzamento Rúa Padre Pardo)

ALDARA
 (Versións pop rock) / Praza de Galiza

18 – 20:00 h // ANIMACIÓN DE RÚA
LUAR DAS AUGAS
 (Polas rúas e prazas da vila)

DÍA DO COMERCIO LOCAL 2020
8 DE DECEMBRO
ARZÚA

O que gastas aquí, queda aquí.

ABERTO TODO O DÍA

Concello de Arzúa
 Departamento de Cultura